

CONCELLO DE CARBALLO

CIF: P1501900C
Praza do Concello, s/n
15100 Carballo, A Coruña
Teléfono 981 704 100
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal

**ACTA DE SESIÓN 1ª SESIÓN CONSTITUTIVA E DE BAREMACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO****Proceso selectivo para a provisión temporal do persoal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2026 e de tres operarios/as de motobomba**

Lugar: aula de formación da base de Protección Civil do Concello de Carballo

Data: 6 de xullo de 2026

Hora de inicio: 09.30 horas

Hora de remate: 11.30 h

Na Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1515/2026, aprobáronse as Bases reguladoras do proceso selectivo para a selección e incorporación como funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal denominado Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2026 e de tres operarios de motobomba.

Desígnase o Tribunal Cualificador, segundo a base sexta das Bases xerais reguladoras do proceso selectivo para a selección e incorporación como funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal denominado Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2026 e de tres operarios de motobomba

Unha vez que foron publicadas as bases no BOP núm. 108, con data do 10 de xuño de 2026, reúnen os membros do Tribunal de Selección consonte a composición determinada na Resolución da Alcaldía núm. 1888/2026, con data do 3 de xullo de 2026, que a continuación se relacionan:

Presidenta:

Titular: **Susana Mariño Lorenzo**

Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo

Vogal 1:

Titular: **Fermín Insua Bello**

Axente medioambiental do Distrito 2 de Betanzos

Vogal 2:

Suplente: **Pablo Vidal Ces**

Axente medioambiental do Distrito 2 de Betanzos

Vogal 3:

Titular: **Mónica Andrade Tasende**

Xefa de sección de aperturas

Secretaria:

Titular: **María Carmen Pereiro Felipez**

Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe nesta 1ª sesión.

CONCELLO DE CARBALLO

CIF: P1501900C
Praza do Concello, s/n
15100 Carballo, A Coruña
Teléfono 981 704 100
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal



Dada a presenza tanto da presidenta como da secretaria así como dos vogais do presente tribunal, considerase cumprido o requisito regulamentario para a válida constitución e actuación, e o Tribunal declárase constituído de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores. O Tribunal enténdese validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, da presidenta e da secretaria.

Polo que o Tribunal procede a:

Primeiro. O Tribunal trata os aspectos relativos ás bases e aos criterios de baremación.

Consonte ao indicado na **base sétima** das bases reguladoras do presente proceso selectivo, **a fase de concurso** será valorada **en base ao Anexo I das bases**, para cada unha das categorías ofertadas, tal como a continuación se relaciona:

ANEXO I. BAREMO DE MÉRITOS PARA A FASE DE CONCURSO

I.A.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE XEFE DE BRIGADA, UNHA PRAZA DE PEÓN CONDUTOR, E 3 PRAZAS DE PEÓNS DE BRIGADA .

I.A.1) Experiencia Profesional. Máximo 4,00 puntos.

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con semellantes funcións:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes.

I.A.2) Formación Profesional. Máximo 2,00 puntos.

Por asistencia a cursos relacionados co posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou semellantes), ata un máximo de 2 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

Enténdese relacionados co posto de traballo os cursos de prevención de riscos laborais que se valoraran do seguinte xeito:

- Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Máis de 300 horas: 0,50 puntos

Non se valorarán os cursos de duración inferior a 20 horas.

I.B.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A TRES PRAZAS DE OPERARIOS DE MOTOBOMBA.

I.B.1) Experiencia Profesional. Máximo 4,00 puntos.

Por servizos prestados en traballos directamente relacionados ou similares coas funcións do posto de traballo:

CONCELLO DE CARBALLO

CIF: P1501900C

Praza do Concello, s/n

15100 Carballo, A Coruña

Teléfono 981 704 100

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal



a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes.

b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes.

I.B.2) Formación Profesional. Máximo 2,00 puntos.

Por asistencia a cursos relacionados co posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 2 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

Enténdese relacionados co posto de traballo os cursos de prevención de riscos laborais que se valoraran do seguinte xeito:

- Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos
- Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Máis de 300 horas: 0,50 puntos

Non se valorarán os cursos de duración inferior a 20 horas.

FORMA DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS PARA TODAS AS CATEGORÍAS

Experiencia Profesional.

Para a xustificación da experiencia será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

Para estes efectos non se computarán os servizos que prestan simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Formación Profesional.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar, con suficiente claridade, o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que quede claramente constatado que o contido fose diferente ou que se trate de actualizacións. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán valorados.

Segundo a base décima da convocatoria, as persoas aspirantes disporán dun **prazo de tres (3) días hábiles** que se contarán desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, da cualificación da **fase de concurso** para formular as reclamacións e **alegacións** que consideren oportunas.

CONCELLO DE CARBALLO

CIF: P1501900C

Praza do Concello, s/n

15100 Carballo, A Coruña

Teléfono 981 704 100

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal



E non sendo outro o obxecto da presente acta, a presidenta remata o acto e eu como secretaria redacto e asino dixitalmente esta acta xunto co resto dos membros do Tribunal de Selección, na data indicada na marxe.

ANEXO I**Xefe de brigada**

Nº	Apelidos	Nome	DNI	Baremación da fase do concurso		
				I.A.1	I.A.2	Total
1	Caamaño Miguez	Alejo	**36083**	0	0	0
2	Martino Ríos	Silvia	***96044**	0	0	0
3	Muíño Bello	Ivan	**65403**	0	2,00	2,00
4	Muíño Bello	Manuel	**65403**	0	2,00	2,00
5	Tarrío Castro	Jose Manuel	**20204**	0,50	0,60	1,10

ANEXO II
Peón condutor

Nº	Apelidos	Nome	DNI	Baremación da fase de concurso		
				I.A.1	I.A.2	Total
1	Delgado Reche	Raul	**66895**	0	0	0
2	Guillamet Suarez	Jorge	**38541**	0	0	0
3	Piña Loureiro	Gustavo	**35716**	1,20	0,30	1,50
4	Poza Crespi	Gonzalo	**11408**	0	0,50	0,50
5	Souto Pallas	Javier	**11721**	0,45	0,10	0,55

ANEXO III
Peón brigada

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI	Baremación da fase do concurso		
				I.A.1	I.A.2	TOTAL
1	Arias Canosa	Sergio	**43599**	0	0	0
2	Bergondo Varela	David	**34215**	0	0	0
3	Camean Garcia	Alba	**11986**	0	0	0
4	Costa Tato	Jose Manuel	**36658**	1,20	0	1,20
5	Goimil Fernandez	Javier	**15855**	0	0	0
6	Guillamet Suarez	Jorge	**38541**	0	0	0
7	Muiño Bello	Ivan	**65403**	0	2,00	2,00
8	Muiño Bello	Manuel	**65403**	0	2,00	2,00
9	Piña Loureiro	Gustavo	**35716**	1,20	0,30	1,50
10	Poza Crespi	Gonzalo	**11408**	0	0,50	0,50
11	Rodriguez Rama	Sergio	**12922**	0	0	0
12	Souto Pallas	Javier	**11721**	0,45	0,10	0,55

ANEXO IV
Operario motobomba

Nº	Apelidos	Nome	DNI	Baremación da fase de concurso		
				I.A.1	I.A.2	TOTAL
1	Bujan Lopez	Xabier	**15129**	0	0,10	0,10
2	Costa Tato	Jose Manuel	**36658**	1,20	0	1,20
3	Diaz Dominguez	Juan	**27331**	0	0	0
4	Pallas Figueroa	Jose Carlos	**33874**	0	0	0
5	Pereira Blanco	Sergio	**90634**	0	0,20	0,20
6	Pidal Fernandez	Ricardo Manuel	**11236**	0	0	0
7	Tarrío Castro	Jose Manuel	**20204**	0,50	0,60	1,10

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade se garante mediante cotexo na sede electrónica deste organismo co código de verificación dixital (CVD) especificado na marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

